



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--------------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Patrimonio e Documentación Audiovisual | | Código | 710521029 |
| Titulación | Mestrado Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Humanidades | | | |
| Coordinación | Fernandez Travieso, Carlota | Correo electrónico | carlota.ftravieso@udc.es | |
| Profesorado | Fernandez Travieso, Carlota | Correo electrónico | carlota.ftravieso@udc.es | |
| Web | http://pdi.udc.es/es/File/Pdi/4S46G | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia ten como obxectivo principal dotar ao alumnado de recursos e competencias teórico/prácticos para o desempeño das distintas tarefas relacionadas coa xestión da documentación audiovisual. Ensinaráselles a ponderar recursos e fontes especializadas na materia e a analizar e avaliar a calidade da información con especial orientación a maximizar a rendibilidade socio-económica dos fondos documentais.</p> <p>Así mesmo promoverase o coñecemento da importancia da escolla e conservación dos contidos audiovisuais como legado patrimonial de extraordinario valor socio-cultural.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | CE1 ? Estar capacitado para investigar en temas de patrimonio cultural e bibliográfico documental |
| A3 | CE3 ? Saber manexar e aplicar as novas tecnoloxías no eido do patrimonio cultural e bibliográfico documental |
| A7 | CE7 ? Coñecer o marco xurídico e as institucións que regulan a protección e conservación do patrimonio cultural e bibliográfico-documental |
| B2 | CB7 ? Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos nunha base ou oportunidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo |
| B5 | CB10 ? Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que haberá de se en gran medida autodirixido ou autónomo |
| B10 | CG6 ? Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información disponible para resolver os problemas cos que deben de enfrontarse |
| B12 | CG8 ? Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| C3 | CT3 ? Habilidades para localizar e analizar información de fontes diversas |
| C8 | CT8 ? Traballar de forma colaborativa |
| C9 | CT10 ? Incorporas as TIC no proceso de investigación e a xestión da información, no análise de datos e a difusión e comunicación de resultados |
| C10 | CT11 ? Ter capacidade para actualizar os coñecementos, metodoloxías e estratexias na práctica profesional |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|-------------------------------------|---------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Coñecemento das características particulares da documentación audiovisual e as súas tipoloxías. | | AP3 | BP10 CP8 CP10 |
| Coñecemento das técnicas e normas de xestión, clasificación, descrición e conservación da documentación audiovisual. | | AP1 | BP5 CP3 |
| Coñecemento dos recursos de información especializados en patrimonio audiovisual desde o punto de vista da recuperación de información. | | AP3 | BP2 BP12 CP10 |



| | | | |
|---|-----|-----|------------|
| Coñecemento do marco legal-legal para o acceso, explotación e conservación do patrimonio audiovisual. | AP7 | BP2 | CP3 CP9 |
|---|-----|-----|------------|

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1. Documentación audiovisual. | 1.1. Definición, características e tipoloxías da documentación audiovisual. 1.2. Breve percorrido pola historia da documentación audiovisual. 1.3. Patrimonio audiovisual: concepto, valor e papel de filмотecas, servizos de documentación en televisións e Internet. 1.4. Soportes e formatos audiovisuais. |
| Tema 2. Fontes para a produción audiovisual. | 2.1. Grandes depósitos audiovisuais, hemerotecas, arquivos e bancos de imaxes fixas e en movemento. 2.1.1 Proceso de búsqueda e recuperación de imaxes. 2.1.2 Adquisición e Condicións legais de uso, difusión e explotación. |
| Tema 3. A cadea documental aplicada aos documentos audiovisuais. | 3.1. Fases da cadea documental: Funcións de entrada, tratamento, saída e difusión e mantemento en filмотecas e servizos de documentación de televisións. 3.2. Especificidade do análise de documentos audiovisuais 3.2.1 A normalización e descripción dos documentos audiovisuais. 3.2.2 Análise de documentos audiovisuais. |

| Planificación | | | | |
|----------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba mixta | B10 | 2 | 0 | 2 |
| Sesión maxistral | B5 B12 C10 | 8 | 0 | 8 |
| Presentación oral | B10 C8 | 2 | 5 | 7 |
| Proba de resposta múltiple | B2 B5 C3 | 1 | 18 | 19 |
| Estudo de casos | A1 A3 A7 C3 C8 C9 | 5 | 30 | 35 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba mixta | Método de avaliación dos coñecementos e habilidades adquiridos polo alumnado, puidendo combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta curta (pechada ou non) e outras algo máis extensas para que o alumno reflexione sobre os contidos tratados na materia. |
| Sesión maxistral | Exposición oral dos contidos básicos da materia, elaborados e expostos pola docente, que pode apoiarse en medios audiovisuais. Abordaranse cuestións teóricas e prácticas necesarias para o desenvolvemento e resolución dos estudos de caso propostos. |
| Presentación oral | Ó longo das aulas procurarase a interacción entre o alumnado e profesorado de xeito ordeado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Os alumnos terán que falar de/expoñer os estudos de casos. |
| Proba de resposta múltiple | Test cos que o alumnado demostrará o seguimento das sesións maxistras e actividades desenvolvidas que se realizarán paulatinamente ó ritmo das aulas. |
| Estudo de casos | Os estudantes enfrontaranse ao estudo e resolución de casos prácticos relacionados coa xestión, descrición, procura e recuperación de documentación audiovisual |



Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Proba de resposta múltiple Sesión maxistral Estudo de casos Proba mixta | As titorías da materia permitirán ó alumnado resolver dúbidas sobre os contidos, a forma de preparar a proba oral, os traballos tutelados, traballos do obradoiro, lecturas e calquera outra actividade orientada ao longo do curso. Empregaránse preferentemente as titorías presenciais e o correo electrónico. Acordándose previamente coa profesora, poderase tamén realizar titorías por vídeo-conferencia a través de Teams. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|----------------------------|---------------------------|---|---------------|
| Proba de resposta múltiple | B2 B5 C3 | Contará o número de acertos e erros. | 30 |
| Estudo de casos | A1 A3 A7 C3 C8 C9 | Computará a adecuación ás pautas marcadas (contido e presentación), a aplicación dos coñecementos adquiridos, a coherencia entre a proposta e o seu desenvolvemento, as iniciativas persoais, a claridade na formulación e estrutura, a capacidade de síntese, a redacción e presentación, fontes e bibliografía utilizada. Será imprescindible acordar o tema coa profesora dentro do prazo establecido a tal fin. Poderá requirirse a súa exposición na clase. | 60 |
| Presentación oral | B10 C8 | Terase en conta a participación nas aulas expoñendo o traballo propio relación cos estudos de casos. | 10 |

Observacións avaliación



PRIMEIRA OPORTUNIDADE:

Para aprobar a materia, é preciso obter unha nota media de 5 sobre 10 que se calculará atendendo ás porcentaxes sinaladas para cada metodoloxía no apartado de avaliación. Será imprescindible obter un mínimo de 5 sobre 10 nas probas de resposta múltiple e nos estudos de casos, de non ser así a nota global da materia non será superior a 4,9. Non se avaliarán traballos entregados fora de prazo ou non consensuados coa profesora previamente cando sexa preciso. Unha vez realizada unha das probas de resposta múltiple ou un dos estudos de casos, se as restantes entregas da metodoloxía non se entregan nos prazos establecidos cualificaranse cun 0. Este será tamén o caso dos traballos que non cumpran coas instrucións prescritas para a súa elaboración ou que fosen copiados ou plaxiados. Se non se participa en ningunha das probas de resposta múltiple ou non se entrega, a lo menos, un dos estudos de casos a cualificación será de non presentado (N. P.).

SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Poderán presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. Realízase unha proba mixta (exame) co valor do 40% e entregaránse os estudos de casos (60%). Gardarase as notas relacionadas coas diferentes metodoloxías mencionadas no apartado de avaliación que resultasen aprobadas na primeira oportunidade, polo que os alumnos poderán recuperar só o exame (se a media das probas de resposta múltiple non chega ao 5) ou só os estudos de casos concretos que teña suspensos ou non presentados. Será obrigatorio comunicar á profesora cómo se abordará a avaliación nesta segunda oportunidade. Será obrigatorio consensuar coa docente previamente o tema dos estudos de casos, se non se fixo durante o curso, como mínimo un mes antes da data fixada para o exame pola Facultade. Será obrigatorio presentar os estudos de caso como mínimo 15 días antes da data fixada para o exame pola Facultade. Para presentarse ao exame, é requisito imprescindible ter presentado previamente os estudos de casos. De non concurrir ó exame ou non participar, a lo menos, cunha das actividades dos estudos de casos, a cualificación será de non presentado (N. P.).

ALUMNOS CON ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL OU DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIAS ÁS AULAS LEGALMENTE RECOÑECIDA:

Terán que acordar unha titoría nas dúas primeiras semanas de clase co fin de establecer un plan de traballo idóneo e de entregas para a primeira oportunidade. De non realizarse esa primeira titoría na que se acordará unha data de entrega alternativa, entenderase que o alumno opta por presentar os traballos na mesmas datas que o resto do alumnado.

Poderán ser dispensados da participación nas aulas (o 10% de "presentación oral"), tendo neste caso as probas de resposta múltiple o valor do 40%. Na segunda oportunidade, non haberá diferencias no sistema de avaliación en relación co proposto para o resto do alumnado.

Fontes de información



Bibliografía básica

- CALDERA-SERRANO, Jorge y Pilar Arranz-Escacha (2012). Documentación audiovisual en Televisión. Barcelona: UOC.
 - CARIDAD, Mercedes, Tony Hernández, David Rodríguez y Belén Pérez (2011). Documentación Audiovisual. Madrid: Síntesis
 - CASTILLO POMEDA, José María. (2004). Televisión y lenguaje audiovisual.. Madrid: Instituto Oficial de Radio y Televisión
 - CODINA, Lluís. (2011). «Entender los bancos de imágenes» . El profesional de la información, juliol-agost 2011, vol. 20, núm. 4.
 - CODINA, Lluís (2019). ¿Getty Images: banco de imágenes para producciones audiovisuales y editoriales?. Disponible en: <https://bit.ly/3BsWo0y> [consulta: 19/7/2021]
 - (1998). Los materiales especiales en las Bibliotecas. Coordinado y dirigido por Carmen Díez Carrera. . Gijón: Trea.
 - FIAF (). FIAF Cataloguing Rules. Disponible en: <https://www.fiafnet.org/images/tinyUpload/E-Resources/Commission-And-PIP-Resources/CD>
 - IFLA. ISBD. (). Descripción Bibliográfica Internacional Normalizada. Edición consolidada. . Disponible en: <https://www.ifla.org/files/assets/hq/publications/series/44-es.pdf> [25/3/2020]
 - LÓPEZ HERNÁNDEZ, Ángeles (). ¿Análisis del documento fílmico. (Un ejemplo ilustrativo: Solas).?, Frame. Revista de la Biblioteca de la Facultad de Comunicación, nº1, pp. 228-235. . Disponible en línea en: <https://idus.us.es/bitstream/handle/11441/96192/1.2.pdf?sequence=1&isAll>
 - LÓPEZ SOLÍS, Iris (2013). El film researcher. Barcelona: UOC
 - LÓPEZ SOLÍS, Iris, (2015). El uso de la documentación audiovisual en programas informativos no diarios de TVE: "Informe Semanal, En portada y Crónicas", Tesis dirigida por Elena de la Cuadra Colmenares en la Universid. Disponible en línea en: <https://eprints.ucm.es/29490/1/T35959.pdf> [30/03/2021]
 - Ministerio de Cultura y Deporte. Gobierno de España. (). Centro de Conservación y Restauración de Fimoteca Española. <<http://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/areas/cine/mc/fe/ccr/inicio.html>> [Consulta 24/06/2019].
 - Ministerio de Cultura y Deporte. Gobierno de España. (). Fimoteca Española. <<http://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/areas/cine/mc/fe/portada.html>> [Consulta 24/06/2019.
 - Ministerio de Cultura y Deporte. Gobierno de España. (). La propiedad intelectual.. Disponible en línea en: <http://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/propiedadintelectual/la-propiedad->
 - PEDREGOSA, J. (). ¿Las Creative Commons y otras alternativas a los bancos de imágenes comerciales? en Documentación Audiovisual, Grado Multimedia, UOC. Disponible en: <https://bit.ly/3kDWtbP> [consulta: 19/7/2021]
 - PEDREGOSA, J. (). ¿Búsqueda de documentos multimedia en los bancos de imágenes comerciales? en Documentación Audiovisual, Grado Multimedia, UOC. Disponible en: <https://bit.ly/3wNIB2c> [consulta: 19/7/2021]
 - PEDREGOSA, J. (). ¿Getty Images?. En el blog Documentación Audiovisual del grado de multimedia de la UOC. . Disponible en: <https://bit.ly/3euvSd1> [consulta 19/7/2021]
 - PINTO MOLINA, M.; F. Javier García Marco y C. Agustín Lacruz (2002). Indización y resumen de documentos digitales y multimedia. Técnicas y procedimientos. Gijón: Trea
 - ROBLDANO ARILLO, J. (2014). Curso de documentación audiovisual. Disponible en: <https://bit.ly/3NqgRYG> [consulta: 28/6/2022]
 - VALLE GASTEMINZA, Félix del (1989). ¿Las funciones documentales tipología de centros y servicios de documentación?, en Fundamentos de información y documentación, José López Yepes (comp.), 1989, págs. 210-214. Madrid: Eudema
- A profesora poderá proporcionar nas clases bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | Directorios de legislación sobre propiedad intelectual. Página del Ministerio de Cultura de España. URL: http://www.mcu.es/propiedadInt/index.html FIAF Cataloguing Rules. < https://www.fiafnet.org/images/tinyUpload/E-Resources/Commission-And-PIP-Resources/CDC-resources/FIAF_Cat_Rules.pdf > [Consulta 20/06/2019] Linares, Juan, Codina, Lluís, Abadal, Ernest e Guallar, Javier. "Periodismo en bases de datos y buscabilidad de la información"- Revista Hipertest.net. Anuario académico sobre Documentación digital y comunicación interactiva , nº 14, 2016, pp.1-61 Reglas de Catalogación del Ministerio de Educación y Cultura (1995). < http://www.bne.es/media/Perfiles/Bibliotecarios/reglas-catalogacion.pdf > [Consulta 20/06/2019] |
|------------------------------------|---|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías